

QUE DEBES SABER DA NOSA BIBLIOTECA?




FORMACIÓN



Presta atención a estes aspectos importantes relacionados coa biblioteca.

1. ESPAZOS

É importante que saibas orientarte na biblioteca:



2. CDU PARA BIBLIOTECAS ESCOLARES

Algunha vez preguntácheste como se colocan os libros na biblioteca? Sabías que en todas as bibliotecas do mundo se utilizan os mesmos códigos?

A **CDU** é un **Sistema de Clasificación Universal** que garante que en todas as bibliotecas do mundo se poidan colocar e, por tanto, atopar os libros e recursos de forma similar e sinxela.

Emprega un sistema de códigos de cores, números e letras que se amosan a continuación:

>O IDIOMA NO QUE ESTÁN ESCRITOS

Márcase cunha pegatina na parte superior do lomo do libro:


Castelán
LARANXA



Galego
MORADO



Inglés
BANDEIRA
INGLESA




>EN FUNCIÓN DA TEMÁTICA OS LIBROS COMEZAN CUN NÚMERO E TEÑEN UNHA COR:













O número e a cor da temática indícase nunhas pegatinas na parte inferior do lomo do libro.

Comezan polo número:	Cor	TEMÁTICA
0	Marrón	XENERALIDADES (Dicionarios e enciclopedias)
1	Azul claro	FILOSOFÍA. (Psicoloxía e Ética)
2	Vermello	RELIXIÓN e mitoloxía
3	Laranxa →	CIENCIAS SOCIAIS (Economía, educación, dereito, etnografía)
4		
5	Verde	CIENCIAS NATURAIS (Medio ambiente, física, bioloxía, matemáticas, química, botánica)
6	Azul escuro	CIENCIAS APLICADAS Tecnoloxía.
7	Rosa	ARTES, XOGOS E DEPORTES
8	Amarelo	LITERATURA (Lingüística e gramática) MOITO OLLO A ESTA CATEGORÍA!!
9		XEOGRAFÍA, HISTORIA E BIOGRAFÍAS

Fixate no lomo deste libro:




Para que che sexa fácil recordalos os amigos de Bibli "Os biblios" axudaranche a identificalos:

<p>0-XENERALIDADES</p> <p>GENERALIS</p> 	<p>1- FILOSOFÍA</p> <p>PHILOSOPHY</p> 	<p>2 -RELIXIÓN</p> <p>RELIGIO</p> 
<p>3-CIENCIAS SOCIAIS</p> <p>SOCIETATIS</p> 	<p>5- CIENCIAS NATURAIS</p> <p>NATURAE</p> 	<p>6-CIENCIAS APLICADAS</p> <p>SCIRE</p> 
<p>7- ARTE- XOGOS -DEPORTE</p> <p>ARTEM</p> 	<p>8-LITERATURA</p> <p>NARRATIONIS POÉTICA</p>   <p>THEATRUM COMICI</p>  	<p>9-HISTOIRA-XEOGRAFÍA E BIOGRAFIAS.</p> <p>HISTORICO</p> 


MATERIAL AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA.

MODERN



REVISTAS E XORNAIS.

MAGAZINE





> LIBROS DE LITERATURA (NARRATIVA, POESÍA, TEATRO E COMICS)

Que sucede cos libros de **LITERATURA** que pertencen ó **número 8** no **grupo amarelo**?

É un dos fondos máis abundantes na biblioteca e teñen un sistema de colocación **alfabética** ó que hai que prestar atención.

Este grupo de LITERATURA está composto por libros de **narrativa, poesía, teatro e cómics**. Distínguense grazas ó "Tejuelo" (pegatina branca con números e letras) que hai na parte inferior. Fixate no seguinte "tejuelo"



Aqueles libros que teñen unha pegatina en forma de **CORAZÓN** son os que abordan temáticas relacionadas coas **emocións, os valores, os sentimentos, o civismo, a familia, a diversidade...**

Os Bolechas contan tamén cun espazo propio.




Tamén os DVDs se atopan na parte de audiovisuais correspondente.




>IDADE RECOMENDADA PARA CADA LIBRO

Pero... como sei que un libro está recomendado para a miña idade?
Como podo atopalo na biblioteca?


Neste caso establécese **outro sistema de cores** (que non debemos confundir coas cores temáticas), cunha **pegatina cadrada colocada enriba do "tejuelo"**:



ESTAS SON AS CATEGORÍAS ESTABLECIDAS



LEMBRA, non é tan complicado, non confundas os 3 CÓDIGOS DE CORES:



3. PROGRAMA MEIGA (PRÉSTAMOS E DEVOLUCIÓNS)

Se es voluntari@ da biblioteca deberás aprender a xestionar os préstamos e devolucións. Isto faise a través do **programa Meiga** no que están catalogados todos os libros da biblioteca.


Deberás seguir os seguintes pasos:

-**Entra no programa** e pon o usuario e contrasinal correspondente.

-Na pantalla principal preme na **icona dos préstamos**:



-A continuación vamos cos **préstamos ou devolucións**.



Para devolver un préstamo seleccionamos "devoluciones" e usamos o lector de códigos no exemplar a devolver (ou tecleamos o Nº de rexistro").

Aparecerán todos os datos, do libro e do lector.

Nº registro	Nº ejemplar	Data inicio	Data fin	Estado / Lector
4797	1	29/01/2016	04/02/2016	E
5063	1	01/12/2015	16/12/2015	E
5063	1	20/07/2016	04/02/2016	E

Se ten varios préstamos nos aseguraremos de que está marcado o que nos interesa e picamos en "aceptar". O préstamo quedará devolto.

-Por último, unha vez que lle demos a **aceptar**, dámoslle a **limpar**.

4. ACTIVIDADES QUE SE DESENVOLVEN NA BIBLIOTECA

Entre unha gran cantidade de actividades que se desenvolven na biblioteca escolar sitúanse:

-Seleccionar, adquirir, catalogar, etiquetar e colocar os libros e recursos bibliográficos e audiovisuais da biblioteca.

-Desenvolver actividades de promoción da lectura e da competencia lingüística.

-Ambientar, decorar e organizar a biblioteca en función das actividades, conmemoracións e visitas que se realicen nela.

-Xestionar o préstamo e devolución de libros.

-Realizar exposicións temáticas de libros.

-Conmemorar datas relacionadas coa lectura: día do libro, semana da prensa, día da Poesía...

-Elaborar e desenvolver un PDI, un proxecto dunha temática concreta, sobre a cal xirarán moitas das actividades do curso.

-Etc ...



*Benvido/a a
túa biblioteca!*